

BASES DA CONVOCATORIA “CAMPAMENTO DE VERÁN 2020”

1.- CONTIDO

A Concellería de Igualdade, Voluntariado e Comercio do Concello de Nigrán a través do Centro de Información ás Mulleres organiza o “Campamento de Verán 2020” coa finalidade de proporcionar actividades de carácter educativo e lúdico e facilitar á conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

2.- NÚMERO DE PRAZAS:

O número de prazas coas que conta o “Campamento de Verán 2020” é de 100.

3.- PERSOAS DESTINATARIAS

3.1- Poderán solicitar a súa participación no “Campamento de Verán 2020” os nenos e nenas nados entre os anos 2008 e 2017 que reúnan algunha de estas circunstancias:

- ✓ Empadroados/as en Nigrán. O Concello de Nigrán comprobará que os/as menores inscritos están empadroados no Concello.
- ✓ Non empadroados/as en Nigrán pero que o seu pai, nai, titor, titora traballe ou posúa un negocio en Nigrán. En caso de familias monoparentais deberá traballar o pai, nai titor/a a cargo do/a menor.

3.1.1- En canto a idade mínima para participar no campamento se establecen o seguinte requisito:

- As persoas nadas no ano 2017 deberán ter cumpridos 3 anos ao inicio do campamento.

3.2- As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.

4.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

O campamento desenvolverase nun centro educativo ubicado en Nigrán.

5.- DATAS E HORARIOS

O campamento de verán desenvolverase do 1 de xullo ao 6 de agosto de luns a venres en horario de 9:00 horas ás 14:00 horas.

Existe a posibilidade de ampliar o horario das 7:45 horas ás 15:15 horas para 30 participantes. A ampliación do horario só será posible sempre que haxa un mínimo de 10 solicitudes. No caso de que o número de solicitudes superara ás 30 prazas previstas, darase preferencia ás familias que acrediten a necesidade de acollerse a este horario. No caso de que se produzan empates as prazas serán adxudicadas de acordo co criterio previsto no punto nº 8 e 9 de estas bases. Non se admitirán solicitudes de inscrición por un prazo inferior a duración do campamento.

6.- INSCRICIÓNS

O prazo para presentar as solicitudes **comezará o día 1 de xuño e rematará o día 14 de xuño.**

As solicitudes deberán ser presentadas no rexistro xeral do concello. Dada a situación de excepcionalidade derivada da alerta sanitaria por COVID-19 o rexistro xeral do concello estará aberto os luns, mércores e venres e será necesario a solicitude de cita previa chamando ao teléfono 986 365000 ou enviando un corre electrónico ao enderezo rexistro@nigran.org.

As solicitudes tamén poderán ser presentadas a través da Sede Electrónica (sede.nigran.org) en calquera hora ou día durante a vixencia do prazo de inscrición.

Os formularios de inscrición poden descargarse da páxina Web municipal www.nigran.es ou ser solicitados en formato papel no Centro de Información ás Mulleres para o que será necesario a solicitude de cita previa no teléfono 986 383081 ou no correo electrónico cim@nigran.org

7.- PREZO

Os prezos públicos para o “Campamento de Verán” foron aprobados polo Pleno do Concello de Nigrán previo ditame da Comisión Especial de Contas, de conformidade co establecido na Ordenanza Xeral de prezos públicos, e publicados no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 80 do día 26.04.2017

Tarifa xeral	
“Campamento de Verán” horario ampliado	85,00 euros
“Campamento de Verán” horario reducido	75,00 euros
Tarifa bonificada	
“Campamento de Verán” horario ampliado	21,25 euros
“Campamento de Verán” horario reducido	18,75 euros

TARIFA BONIFICADA

Poderanse acoller a tarifa bonificada as familias en situación de necesidade ou de dificultade económico-financieira. Entenderase por situación de necesidade ou de dificultade económico-financieira cando os ingresos económicos mensuais (14 pagas anuais), da unidade familiar sexan iguais ou inferiores aos importes que se indican na seguinte táboa en función do número de membros que teña a unidade familiar:

Nº MEMBROS	%	IMPORTE
2		950,00 €
3	20%	1.140,00 €
4	40%	1.330,00 €
5	60%	1.520,00 €
6	80%	1.710,00 €
7	100%	1.900,00 €

Para o cómputo destes ingresos restarase ao importe mensual correspondente o aluguer ou hipoteca da vivenda habitual ata un máximo de 300 euros.

As persoas que desexen acollerse a tarifa bonificada deberán cumprimentar o Anexo II e acompañar a documentación sinalada no punto nº10.1 de estas bases.

8.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións, adxudicaranse as prazas segundo o seguinte baremo, no caso de existir maior demanda que oferta:

8.1- Valorarase con **8 puntos** cando concurran algunha das circunstancias que se sinalan a continuación:

1.- Menores empadroados/as en Nigrán cuxos proxenitores (ámbolos dous) ou titores legais se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- 1.1. Que traballen.
- 1.2. Que estean nunha situación de suspensión temporal do contrato de traballo (ERTE).
- 1.3. Que teñan persoas dependentes a cargo.

No caso de familias monoparentais deberá atoparse nalgunha desta situacións o pai/nai/titor/titora a cargo do/a menor.

2.- Menores non empadroados/as en Nigrán, cuxos pais ou, titores legais (ámbolos dous) traballen e un deles traballe ou teña unha empresa ou negocio en Nigrán. No caso de familias monoparentais deberá atoparse nesa situación o pai/nai/titor/titora a cargo do/a menor.

3.- Menores pertencentes a familias de especial vulnerabilidade

8.2- Valorarase con **4 puntos** cando soamente un proxenitor/a estea nas situacións previstas nos puntos 1.1, 1.2, e 1.3.

9.- CRITERIO DE SELECCIÓN EN CASO DE EMPATE

No caso de que se produzan empates as prazas serán adxudicadas atendendo como criterio de prioridade a renda “per cápita” da familia da persoa participante, adxudicándose as prazas por orden inverso á magnitude de dita renda ata que se cubran a totalidade das prazas.

Tomarase para o cálculo da renda a declaración do IRPF correspondente ao ano 2018.

No obstante, cando as circunstancias concorrentes na data de declaración do IRPF non coincidan coas circunstancias do momento de presentación da solicitude de participación no Campamento de Verán 2020, teranse en conta estas últimas. Estas circunstancias deberán xustificarse documentalmente.

En todo caso, a documentación relativa a situación económica requirirase exclusivamente naqueles casos nos que se produza empate na puntuación final, e será solicitada telefonicamente polo persoal do CIM.

10.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN

- Solicitude de inscrición segundo o Anexo I
- Fotocopia do DNI da nai, do pai ou da persoa titora que asina a solicitude
- Fotocopia do DNI da ou do menor ou , no seu defecto fotocopia do Libro de Familia

- Fotocopia da Tarxeta Sanitaria

Se os/as proxenitores/titores traballan:

- ✓ Traballadores/as por conta allea: certificado de empresa, certificado de vida laboral ou fotocopia da nómina do mes de abril (só se presentará un deles a elección da persoa solicitante)
- ✓ Traballadores/as autónomos/as: certificado de vida laboral do mes de abril, copia do resgardo do pago do seguro social de réxime especial de traballadores autónomos (RETA) do mes de abril, ou copia do resgardo de pago da mutualidade profesional (só se presentará un deles a elección da persoa solicitante)
- ✓ Acreditación de non realizar a actividade laboral mediante a modalidade de teletraballo: certificado de empresa.
- ✓ Acreditación de estar en situación de suspensión temporal do contrato de traballo (ERTE): certificado de empresa, certificado de vida laboral.

Para as familias monoparentais:

- ✓ Documento oficial acreditativo da súa situación: sentenza xudicial de separación/divorcio ou xustificación de interposición da demanda de separación/divorcio

Se os proxenitores teñen ao seu cargo unha persoa dependente

- ✓ Informe de servizos sociais ou resolución administrativa acreditativa da situación de dependencia

Se os/as proxenitores están incurso nunha situación de especial vulnerabilidade

- ✓ Informe de Servizos Social ou do Centro de Información ás Mulleres

No caso de participantes con discapacidade

- ✓ Certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente.

Outra documentación

- ✓ Documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade

10.1 .- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A SOLICITUDE DE TARIFA BONIFICADA

As persoas solicitantes que desexen acollerse a tarifa bonificada deberán presentar o Anexo II que acompañarán coa seguinte documentación:

- ✓ Fotocopias das 6 últimas nóminas (de novembro de 2019 ata abril de 2020)
- ✓ Declaración de I.R.P.F. correspondente ao exercicio 2018 ou 2019 se xa fora presentada na Axencia Tributaria
- ✓ Informe de vida laboral
- ✓ Fotocopia íntegra do Libro de Familia
- ✓ Certificado de prestacións do SEPE
- ✓ Certificado de pensións
- ✓ Declaración xurada de ingresos (no caso de non ter ningún tipo de ingresos)

11.- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección será o seguinte:

- ✓ Baremación das solicitudes e documentación segundo o previsto nos punto nº 8 e 9 de estas Bases.
- ✓ Publicación dunha listaxe provisional de admitidos/as coas puntuacións acadadas o día 16 de xuño na páxina Web do Concello.
- ✓ Enmendar erros e/ou falta de documentación e presentación de reclamacións do 17 de xuño ao 18 de xuño
- ✓ Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos que seguirá a orde que resulte da baremación: o día 19 de xuño na páxina Web do Concello.

En función das baixas que se produzan na actividade os nenos/as accederán ao campamento seguindo a orden na que figure na lista o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico.

- ✓ Confirmación da praza co pago da matrícula ata o día 30 de xuño. Previamente remitirase por correo electrónico a carta de pagamento. No caso de non abonarse o importe no prazo sinalado entenderase como unha renuncia e a lista correrá segundo a orde que resulte da baremación.

12.- RENUNCIA DE PRAZA

As persoas solicitantes que, tras obter praza desexen renunciar a ela antes de ter realizado o ingreso da cota da matrícula, deberán comunicalo por teléfono ao nº 986 383081 ou por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico cim@nigran.org antes do día 25 de xuño de 2020.

13.- DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

Unha vez realizada a inscrición e o correspondente abono para participar na actividade, se o neno/a non acude, só procederá a devolución do importe ingresado, si se xustifica con anterioridade ao inicio do campamento e por causa debidamente xustificada. En caso contrario non procederá a devolución do importe.

14.- EXCEPCIONALIDADE DERIVADA DA ALERTA SANITARIA

Todas as condicións que se establecen nas presentes bases poden sufrir modificacións en función das disposicións que dicte a autoridade sanitaria relativas a pandemia por COVID-19.

15.-PUBLICIDADE DA ACTIVIDADE

As bases para o campamento da presente convocatoria serán publicadas na páxina Web do Concello.